

UNHAS XORNADAS EN MELIDE PRETENDEN ESTUDAR AS PEGADAS DO XEO EN GALICIA NOS ÚLTIMOS 80.000 ANOS ENTRE OUTROS ASPECTOS, INTENTARÁN ANALIZAR O CAMBIO CLIMÁTICO DESDE A PERSPECTIVA HISTÓRICA

- **As VII XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO inaugúranse en Melide este mércores, día 9, baixo o epígrafe “Os procesos glaciares e periglaciares en Galicia: O exemplo das serras sudorientais”.**
- **Están organizadas polo Instituto de Melide e polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. Nelas participarán máis de 70 profesores e profesoras de ensinanza media de todo Galicia.**
- **O noso territorio estivo parcialmente cuberto por xeo, pero o quecemento global actual da atmosfera terrestre nada ten que ver cos procesos naturais, como hai miles ou millóns de anos, senón máis ben coa actividade humana só dos últimos 250 anos.**
- **Os vales de A Seara (no Courel), do alto Bibei (en Trevinca) e do Cenza (en Manzaneda) serán os privilexiados escenarios para a posta ao día dos profesionais do ensino sobre o tema, baixo a dirección do Catedrático da USC Augusto Pérez Alberti. A admisión de participantes está pechada desde hai semanas.**

Melide, 4 de setembro de 2009

Desde hai sete anos, o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e de Ciencias Sociais do IES de Melide, veñen desenvolvendo unhas xornadas, tituladas “Ciencia e Territorio”, que teñen por finalidade poñer á disposición do profesorado non universitario galego os coñecementos científicos máis recentes xerados no ámbito universitario, relativos ao medio físico, tanto natural como construído. Deste xeito, perséguese que o profesorado poida transmitir ao seu alumnado, as futuras persoas adultas que levarán as rendas da sociedade, o coñecemento –e o respecto- da súa contorna máis próxima.

Na presente edición, que será xa a sétima e que se celebrará os días 9, 10 e 11 de setembro, as Xornadas estarán dedicadas ao coñecemento das pegadas das últimas glaciacións nos sistemas montañosos galegos. Para iso, un grupo de 70 profesores/as, dirixidos polo Catedrático de Xeografía da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, Augusto Pérez Alberti, un estudoso e profundo coñecedor do tema, desprazaranse ata as serras sudorientais de Galicia –en concreto Courel, Trevinca e Manzaneda- para coñecer “in situ” esas pegadas, que esencialmente consisten en lagos de circo glaciario; vales en forma de U; enormes rochas desprazadas ao longo dos vales sen saber aparentemente moi ben por que ou quen; pequenos vales secundarios “colgados” que verten as súas augas sobre os anteriores, máis profundos, formando espectaculares fervenzas; ou tamén restos sedimentarios glaciares denominados morrenas, nas súas diferentes formas.

A presenza destes restos nas zonas citadas anteriormente, evidencia que hai miles de anos o noso territorio estivo parcialmente cuberto por xeo. Falamos pois das últimas glaciacións, acontecidas aproximadamente nos últimos 80.000 anos, obviamente ligadas

a cambios climáticos. Cambios que hoxe en día están moi de moda, pero en sentido contrario e por razóns ben distintas. Referímonos ao quecemento global da atmosfera terrestre e ás consecuencias que isto supón sobre a desaparición das masas de xeo, tanto polar como de tipo alpino e, colateralmente, as repercusións que isto último supón sobre o planeta e a sociedade humana, aludidas continuamente nos medios de comunicación. Pero este cambio climático parece que nada ten que ver cos procesos naturais, como hai miles ou millóns de anos; pola contra, a ciencia indícanos que está ligado á contaminación xerada pola actividade humana só nos últimos 250 anos. Unha velocidade de vertixe en comparación cos lentos cambios habidos no noso pasado xeolóxico, nun pasado que agora se tentará reproducir/comprender idealmente sobre o terreo.

Así pois, serán os vales de A Seara (no Courel), do alto Bibei (en Trevinca) e do Cenza (en Manzaneda), os privilexiados escenarios para a posta ao día dos nosos profesionais do ensino, nun constante querer facer e coñecer para poder transmitir mellor o coñecemento científico xerado non só alén das nosas fronteiras, senón tamén no noso propio país. Un constante esforzo, habitualmente oculto que, na ecuación do ensino, sempre ten un resultado positivo a curto, medio e longo prazo.

Achéganse algunhas fotografías correspondentes á sexta edición das Xornadas, celebrada en 2008, e o programa da presente edición.

Contactos coa organización:

Xulio Pérez: 610 214 298
Paco Veiga: 626 838 111
IES Melide: 981 511 053
Nova Escola Galega: 981 562 577

melide.neg@mundo-r.com

www.nova-escola-galega.org